



ACTA Nº 2023/1

Sesión Ordinaria do Pleno do Concello

Sala de sesións da casa do Concello, luns 30 de xaneiro de 2023

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen-se as concelleiras e concelleiros que se indican, coa asistencia do secretario que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

D.^a Mónica Rodríguez Ordóñez

ASISTEN:

PSOE

D. Víctor Manuel Muíño Ramos

D.^a María José Pose Pérez

D. Miguel Angel Pérez Méndez

D.^a Rosa Blanco Lema

D. Mario Andujar Mouzo

ADIANTE VIMIANZO

D. Eugenio Vidal Quintáns

D.^a María Jesús Barbeira Pose

PP

D. Francisco M. Calzas Suárez

AUSENCIAS:

ADIANTE VIMIANZO

D.^a Marta Rey Lema

D. Francisco Javier Trillo Pazos

D. Manuel Lorenzo Hermida

PP

D.^a Raquel Rodríguez Amigo

SECRETARIO/A:

D. Francisco Javier Novoa Juiz

INTERVENTOR/A:

D. Francisco Fernández Armada



Dna. María Jesús Barbeira Pose traslada que por motivos laborais non pode asistir á celebración plenaria D. Manuel Lorenzo Hermida, Dna. Marta Rey Lema e D. Francisco Javier Trillo Pazos, asímesmo D. Francisco M. Calzas Suárez comunica que Dna. Raquel Rodríguez Amigo por motivos persoais tampouco pode asistir.

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión.

Procédese a tratar os asuntos incluídos na:

ORDE DO DÍA

A) Sección resolutiva

1º. Aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada o 26 de decembro de 2022.

2º. Ditame sobre solicitude de bonificación da cuota do ICIO a pagar por mor das obras de instalacións gandeiras, almacén de materias primas e silos trincheira para forraxe en Señoráns, Salto.

3º. Ditame sobre liquidación definitiva correspondente ao exercicio 2022 do contrato de xestión dos servizos municipais de vivenda comunitaria, centro de día, escola infantill, comedor sobre rodas e modificación dos artigos 7.4 e 7.5 da Ordenanza Fiscal núm. 24.

4º. Ditame sobre modificación da Ordenanza Fiscal núm. 25. Exp. 2023/G016/000001.

5º. Proposta non ditaminada do grupo de goberno (PsdeG-PSOE) para a suspensión e revisión do procedemento simplificado de valoración catastral no Concello de Vimianzo.

B) Sección de control

6º. Dación de conta do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión do 29 de decembro de 2022, en relación á proposta de bonificación dunha porcentaxe do IBI e declaración de interese xeral de inmobles onde se desenvolvan actividades agrarias e gandeiras conforme ao establecido no artigo 5 da OF núm. 8 reguladora do imposto de bens inmobles - ano 2022

7º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

8º. Mocións de urxencia.

9º. Rogos e preguntas.

A continuación comeza o debate plenario da orde do día:



1º. Aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada o 26 de decembro de 2022.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Sra. alcaldesa pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación á citada acta.

Ao non manifestar ningunha observación sobre a mesma, queda aprobada por unanimidade dos presentes, a acta da sesión ordinaria celebrada o 26 de decembro de 2022.

2º. Ditame sobre solicitude de bonificación da cuota do ICIO a pagar por mor das obras de instalacións gandeiras, almacén de materias primas e silos trincheira para forraxe en Señoráns, Salto

O secretario da Corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos o mércores, 25 de xaneiro de 2023 que se reproduce a continuación:

"1. Proposta de ditame sobre solicitude de bonificación da cuota do ICIO a pagar por mor das obras de instalacións gandeiras, almacén de materias primas e silos trincheira para forraxe en Señoráns, Salto

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 25 de novembro de 2022, que se transcribe literalmente:

"PROPOSTA DE ACORDO

Asunto: bonificación do ICIO a Ganadería Os Loureiros, SL pola solicitude de licenza municipal para levar a cabo a construción de instalacións gandeiras, almacen de materias primas e silos trincheira para forraxe, situadas en Señorans, Salto

Visto expediente núm. 2022/X998/000067 promovido por Ganadería Os Loureiros, SL, representada por D. Celestino Pose Velasco, no que solicita a bonificación da cota do imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), en base ao establecido no artigo 6º da ordenanza fiscal reguladora de dito imposto, cuxa actual redacción é a publicada no BOP Nº 61 do 2 de abril de 2018.

Consta no expediente o informe emitido polo tesoureiro accidental, na data do 19 de outubro de 2022 e no que se di o seguinte: **"ASUNTO: Informe para bonificación de ICIO en relación ás obras de CONSTRUCCIÓN DE INSTALACIÓNS GANDEIRAS, ALMACÉN DE MATERIAS PRIMAS E SILOS PARA FORRAXE, situada no lugar de Señoráns, s/n, parroquia de Salto, promovidas por GANADERÍA OS LOUREIROS SL, CIF. B70504980.**
Expte. TEDeC 2021/U022/000015

MANUEL VICENTE ANTELO SANTOS, Tesoureiro accidental do Concello de Vimianzo (A Coruña).

ANTECEDENTES

Praza do Concello, nº 6
15129 – Vimianzo (A Coruña)

Tel. 981716001
Fax 981716650

correo@vimianzo.gal
www.vimianzo.gal



Expediente sobre “solicitud de licenza de obras de construción de instalacións gandeiras, almacén d materias primas e silos para forraxe, situada no lugar de Señoráns, parroquia de Salto” promovidas por GANADERÍA OS LOUREIROS SL, CIF. B70504980.

Providencia da Alcaldía de data 28/09/2022 sobre emisión de informe correspondente en relación á bonificación da cota do ICIO (dirixida aos Servizos económicos).

Ordenanza Fiscal num. 16, reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras do Concello de Vimianzo (BOP num. 175 do 15 de setembro de 2016 e BOP num. 61 do 2 de abril de 2018):

Artigo 6º.-Bonificacións e deducións

“6.1.- Establécese unha bonificación do 40% da cota do imposto en favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais ou histórico artísticas que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración ó Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

6.2.- **Establécese bonificacións por concorrer circunstancias de fomento do emprego de ata o 95% da cota do imposto a favor das construcións, instalacións ou obras que se realicen no Parque Empresarial de Vimianzo; ou que sexan realizadas por agricultores ou gandeiros e que queden afectas a dita actividade durante un prazo de dous anos dende o remate das obras.**

Para ter dereito a esta bonificación alomenos o 30% do orzamento de execución material da construción, instalación ou obra debe ser realizada por empresas con domicilio fiscal en Vimianzo. As bonificacións que se establecen son as seguintes:

a) **Cando o suxeito pasivo do imposto teña o domicilio fiscal en Vimianzo, e mais do 50% do seu persoal estea empadroados en Vimianzo, a bonificación será do 95% da cota do imposto.**

b) **Cando o suxeito pasivo do imposto cree novos postos de traballo (contratos de carácter indefinido con persoas que non tiveran relación laboral co promotor nos últimos seis meses) coa contratación de persoas empadroadas en Vimianzo, a porcentaxe da bonificación determinarase en función do orzamento de execución material e do número de novos postos de traballo creados, de acordo coa seguinte táboa: .../...**”

INFORME

PRIMEIRO: Artigo 2º (Ordenanza fiscal num. 16).- Suxeitos pasivos

Suxeito pasivo: GANADERÍA OS LOUREIROS SL CIF. B70504980

Enderezo social: LUGAR REPARADA, NUM. 8 15129 VIMIANZO (A Coruña)

Enderezo fiscal: LUGAR REPARADA, NUM. 8 15129 VIMIANZO (A Coruña)

(Aporta no expediente copia da Tarxeta de Identificación Fiscal da citada empresa con Código Electrónico de verificación na Axencia Tributaria con número 166450DA4E321891).

Examinado o padrón do IAE ⁽¹⁾ DO CONCELLO DE VIMIANZO ANO 2022 compróbase que SI figura dada de Alta a citada empresa no epígrafe que se indica a continuación:

[012 EXPLOTAC. INTENSI. GANADO BOVINO DE LECHE]

SEGUNDO: Artigo 6.2 (Ordenanza fiscal num. 16).- Bonificacións e deducións

A.- Referente a “**Bonificación do alomenos do 30% do orzamento de execución material da construción, instalación ou obra debe ser realizada por empresas con enderezo fiscal en Vimianzo**”.

Examinado o presente expediente **NON** consta absolutamente nada referente a este apartado; simplemente manifesta na solicitude que “**se compromete a que por lo menos el 30% del presupuestos de ejecución material de la obra se realizará por empresas como domicilio fiscal en Vimianzo**”.



B.- Referente a “*Cando o suxeito pasivo do imposto teña o enderezo fiscal en Vimianzo, e máis do 50% do seu persoal estea empadroados en Vimianzo, a bonificación será do 95% da cota do imposto*”.

Aporta no expediente a relación de traballadores do promotor no que achega un Informe de vida laboral da empresa de data 13/09/2022 – Referencia A1572209000001 Huella OSOFFA2K e cos datos dos traballadores que constan en situación de “ALTA” na empresa os seguintes:

DNI	NOME E APELIDOS	ENDEREZO
76348403H	JESÚS TRILLO MOUZO	SEÑORÁNS, 13 - VIMIANZO
46899961V	MARÍA LUZ MARTÍNEZ URES	RASAMONDE, 20 - VIMIANZO
79325300W	MARGARITA ESPASANDÍN ARIAS	A CARBALLA, 6 - VIMIANZO
76361256Z	CARMEN VÁZQUEZ CALO	NON CONSTA EMPADROADA EN VIMIANZO
X6725782F	HAMID FAID	RÚA TRASARIZ, 47 3º - VIMIANZO
79346716M	JAVIER VELOSO VÁZQUEZ	NON CONSTA EMPADROADO EN VIMIANZO
78802651M	JUAN BAUTISTA PAZ MARTÍNEZ	NON CONSTA EMPADROADO EN VIMIANZO

Examinados os Volantes de Empadramento individuais de data 27/09/2022 que constan no expediente, a citada empresa **CUMPRE a porcentaxe de máis do 50% do persoal empadroados en VIMIANZO** xa que 5 de 7 traballadores (representan un 71,43% do total) teñen enderezo no Concello de Vimianzo e tendo en conta a Ordenanza fiscal num. 16, reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras do Concello de Vimianzo, especifica taxativamente que “**a) Cando o suxeito pasivo do imposto teña o domicilio fiscal en Vimianzo, e máis do 50% do seu persoal estea empadroados en Vimianzo, a bonificación será do 95% da cota do imposto**”).

C.- Referente a “*Cando o suxeito pasivo do imposto cree novos postos de traballo (contratos de carácter indefinido con persoas que non tiveran relación laboral co promotor nos últimos seis meses) coa contratación de persoas empadroadas en Vimianzo .../...*”

NON consta documentación algunha ao respecto no expediente.

CONCLUSIÓN

Tendo en contado o exposto anteriormente, a porcentaxe que se lle podería aplicar como bonificación do ICIO no expediente de referencia é de alomenos dun NOVENTA E CINCO (95) POR CIENTO por cumprirse soamente os requisitos do apartado B.- citados.

En todo caso, este é o meu informe que somete a calquera outro con mellor criterio fundado en dereito. Non obstante, o órgano competente decidirá o que estime máis oportuno.

E para que así conste, para o expediente da súa razón, asino en Vimianzo o presente informe electronicamente.

O Tesoureiro accidental

(1) **Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales**

Artículo 78 Naturaleza y hecho imponible

1. El Impuesto sobre Actividades Económicas es un tributo directo de carácter real, cuyo hecho imponible está constituido por el mero ejercicio, en territorio nacional, de actividades empresariales, profesionales o artísticas, se ejerzan o no en local determinado y se hallen o no especificadas en las tarifas del impuesto.



2. *Se consideran, a los efectos de este impuesto, actividades empresariales las ganaderas, cuando tengan carácter **independiente**, las mineras, industriales, comerciales y de servicios. **No tienen, por consiguiente, tal consideración las actividades agrícolas, las ganaderas dependientes, las forestales y las pesqueras, no constituyendo hecho imponible por el impuesto ninguna de ellas.***

A efectos de lo previsto en el párrafo anterior, tendrá la consideración de ganadería independiente el conjunto de cabezas de ganado que se encuentre comprendido en alguno de los casos siguientes:

- a) Que pade o se alimente fundamentalmente en terras que non sean explotadas agrícola o forestalmente por o dono do ganado.*
- b) El estabulado fuera de las fincas rústicas.*
- c) El trashumante o trasterminante.*
- d) Aquel que se alimente fundamentalmente con piensos no producidos en la finca en que se cría."*

Considerando que nas obras que se pretende realizar (construción de instalacións gandeiras, almacén de materias primas e silos trincheira para forraxe, situadas en Señoráns, parroquia de Salto) concorre un especial interese municipal, por existir circunstancias sociais que determinan a necesidade de que no actual entorno de crise se apoie ao sector primario dalgún xeito, dado o recorte progresivo que se está a producir na marxe de beneficio que deriva das actividades agrícolas e gandeiras.

Tendo en conta ademáis o carácter eminentemente rural do noso concello e que o sustento de moitas familias deriva das rendas obtidas pola realización deste tipo de actividades.

Esta Alcaldía PROPÓN ao Pleno, previo ditame da Comisión de Contas, Facenda e Orzamentos, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Recoñecer a Ganadería Os Loureiros, SL, representada por D. Celestino Pose Velasco, unha bonificación do 95,00% da cota do ICIO para as obras de construción de instalacións gandeiras, almacén de materias primas e silos trincheira para forraxe, situadas no lugar de Señoráns, parroquia de Salto, recoñecendo o especial interese municipal das obras realizadas e as que se van realizar.

SEGUNDO.- Notificar este acordo ao interesado e dar traslado dunha certificación aos servizos municipais correspondentes para o seu coñecemento e efectos oportunos.

O que asino en Vimianzo
A alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez

Sometido o asunto a votación, a Comisión informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, por unanimidade dos membros presentes, ditaminou favorablemente a proposta de acordo."

Ningún desexa facer constar nada.

Pásase a votación do asunto obténdose a aprobación por UNANIMIDADE dos membros da Corporación presentes.

3º Ditame sobre liquidación definitiva correspondente ao exercicio 2022 do contrato de xestión dos servizos municipais de vivenda comunitaria, centro de día, escola infantil,



comedor e lavandería sobre rodas e modificación dos artigos 7.4 e 7.5 da Ordenanza Fiscal núm. 24

O secretario da Corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos o mércores, 25 de xaneiro de 2023 que se reproduce a continuación:

"2. Proposta de ditame sobre liquidación definitiva correspondente ao exercicio 2022 do contrato de xestión dos servizos municipais de vivenda comunitaria, centro de día, escola infantil, comedor e lavandería sobre rodas e modificación dos artigos 7.4 e 7.5 da Ordenanza Fiscal núm. 24

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 18 de xaneiro de 2022, que se transcribe literalmente:

"PROPOSTA PLENO

ASUNTO: LIQUIDACIÓN DEFINITIVA CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2022 DO CONTRATO DE XESTIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS DE VIVENDA COMUNITARIA, CENTRO DE DÍA, ESCOLA INFANTIL E COMEDOR E LAVANDERÍA SOBRE RODAS E MODIFICACIÓN DOS ARTIGOS 7.4 E 7.5 DA ORDENANZA FISCAL Nº 24.

Expte Tedec: 2023/S001/000002

Visto os escritos do Grupo Reacteda de liquidación definitiva do exercicio 2022, en relación co contrato de xestión de servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, centro de día e comedor e lavandería sobre rodas.

Vistos os informes de Intervención e departamento de servizos sociais.

Esta liquidación ascende a un total de 494.834,13 €, dos que se atopan pendente a contía de 111.213,70 €. Do importe da liquidación hai que descontar o canon a favor do Concello por importe de 19.833,54 € que debe de ser aboado polo contratista. Polo tanto a cantidade a aboar o Grupo Reacteda SL ascende a **un total de 91.380,16 €.**

Dado que a variación do IPC de novembro de 2021 a novembro de 2022 de acordo co INE, foi un 6.8 %, o canon a pagar pola empresa no exercicio 2023 será de 21.182,22 euros.

De acordo co prego de cláusulas económico administrativas e prescricións técnicas reitoras desta xestión de servizos e cláusula sexta do contrato administrativo os prezos de servizo e praza, vixentes para o exercicio 2023, unha vez aplicada a variación do IPC, serán os seguintes:

Prezos	2023 (6.8 % IPC)
Vivenda Comunitaria	1.761,23 euros/mes
Lavandería sobre rodas	4,49 euros/lavado
Escola Infantil	507,68 euros/mes
Comedor sobre rodas	10,71 euros menú



De acordo co prego de cláusulas económico administrativas e prescricións técnicas reitoras desta xestión de servizos os pagos a conta para o exercicio 2023 será o 90% da liquidación definitiva que importan un total de 416.435,22 euros.

Esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa correspondente, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación definitiva do exercicio 2022, que supón un custo total para o Concello de 494.834,13 euros, quedando pendente de pagamento 91.380,16 euros.

SEGUNDO.- Para este exercicio 2023, a vista da vixencia do contrato, e de acordo co establecido no contrato de xestión de servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, centro de día e comedor e lavandería sobre rodas e de forma específica para este exercicio, os pagos a conta serán de 416.435,22 euros. Os pagos a conta terán o seguinte detalle:

Pagos a cuenta 2023 (90%).	
Xaneiro	32.128,33 €
Feb - Dec	37.857,75 €

TERCEIRO.- Que o canon para o ano 2023, que deberá aboar a empresa Grupo Reacteda, S.L. polo uso dos locais para a prestación dos ditos servizos, ascende á contía de 21.182,22 euros que será deducido da liquidación definitiva do exercicio 2023.

CUARTO.- Aprobar a modificación dos artigos 7.4 e 7.5 da Ordenanza fiscal núm. 24 reguladora da taxa pola prestación dos servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, comedor sobre rodas e lavandería sobre rodas, co seguinte texto proposto:

“7.4. A cota tributaria pola prestación do servizo de lavandería e comedor sobre rodas determínase consonte coa seguinte tarifa:

PREZO SERVIZO

Ingresos (Renda per cápita)	Comedor (€)	Lavandería (€)
Menores ou iguais á PNC	1,39	0,43
Maiores á PNC e menores ou iguais ao SMI	2,73	0,68
Maiores ao SMI e menores ou iguais ao dobre do SMI	4,14	0,85
Maiores ao dobre do SMI e menores ou iguais ao triplo do SMI	5,49	1,11
Maiores ao triplo do SMI	6,89	1,40

A estes prezos hai que engadirlle un custo de **2,05 €** por día para o transporte se este fose necesario.

7.5. As tarifas numéricas sinaladas no caso dos servizos de comedor, lavandería sobre rodas, e para a parte da cota referida ao transporte no caso do centro de día, serán actualizadas anualmente conforme ás



flutuacións que experimente o IPC anual a 30 de novembro do anterior, procedéndose a modificar a presente ordenanza fiscal de acordo co procedemento regulado nos artigos 17 e seguintes do TRLRFL.

Esta revisión empezará a aplicarse para o exercicio 2007 tendo en conta o IPC de decembro 2005 a novembro de 2006.”

QUINTO.– Expoñer ao público dito expediente durante trinta días, mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos.

SEXTO.– Aprobar, con carácter definitivo; o referido expediente se contra o mesmo non se presentasen reclamacións durante o prazo de exposición pública.

SÉTIMO.– Publicar, unha vez aprobada a modificación; o acordo definitivo da aprobación da modificación así como o texto íntegro da modificación da Ordenanza fiscal núm. 24 no Boletín Oficial da Provincia.”

Vimianzo, coa data da sinatura dixital
A Alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez”

Sometido o asunto a votación, a Comisión informativa de contas, facenda e orzamentos, por dous votos a favor do PSdeG-PSOE, tres abstencións (2 AV e 1 PP) e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente a proposta de acordo.”

A Alcaldesa-Presidenta explica a liquidación que se fai anualmente conforme ó contrato formalizado así como a necesidade de actualizar a ordenanza fiscal.

Pásase a votación do asunto obténdose a aprobación por seis votos a favor (6 PSdeG-PSOE), tres abstencións (2 AV e 1 PP) e ningún voto en contra.

4º. Ditame sobre modificación da Ordenanza Fiscal núm. 25. Exp. 2023/G016/000001.

O secretario da Corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos o mércores, 25 de xaneiro de 2023 que se reproduce a continuación:

“3º. Proposta de ditame sobre modificación da Ordenanza Fiscal núm. 25. Exp. 2023/G016/000001.

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 20 de xaneiro de 2023, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ACORDO

Asunto: modificación da Ordenanza Fiscal núm. 25. Exp. 2023/G016/000001.

Á vista da última modificación operada na Lei 2/2016 de 10 de febreiro do suelo de Galicia (LSG) polo artigo 14 da Lei 7/2022 de 27 de decembro de medidas fiscais e administrativas publicado no DOGA de 30 de decembro do ano 2022, na que fundamentalmente modifícase o réxime do título habilitante urbanístico para poder levar a cabo a comprobación de que o construído amparado nunha licenza urbanística de obra ou comunicación previa axústase ó contido do proxecto técnico que serviu como parámetro para a súa concesión.



Compre adecuar a nosa normativa fiscal ó novo réxime xurídico previsto que sería o de comunicación previa consonte ó artigo 146 das LSG, e aproveitar para actualizar a Ordenanza Fiscal núm. 25 que é a que regula a taxa por expedición de títulos habilitantes urbanísticos, xa que continúa facendo referencias a normativa xa derogada desde o ano 2016 coa entrada en vigor da LSG.

Polo tanto, e en cumprimento da competencia atribuída en materia de intervención no uso do solo e subsolo polo artigo 12 desta norma, así como a autonomía e suficiencia financeira prevista no artigo 142 da Constitución Española, reflexada nos recursos económicos dos que gozan as EELL enumerados no artigo 2 do RD Legislativo 2/2004 de 5 de marzo (TRLFL) e concretamente a taxa prevista no artigo 20.4.h) *Otorgamiento de las licencias urbanísticas exigidas por la legislación del suelo y ordenación urbana o realización de las actividades administrativas de control en los supuestos en los que la exigencia de licencia fuera sustituida por la presentación de declaración responsable o comunicación previa*, é pertinente a modificación da ordenanza fiscal citada nos termos literais que se expoñeran a continuación, tendo en conta que non supón unha nova contía da cuota tributaria fixada na mesma e únicamente a inclusión dun novo feito impositivo.

Con esta modificación se xustifican os principios de boa regulación contemplados no artigo 129 da LPAC, xa que garante a seguridade xurídica respecto ó devengo da taxa polas actuacións municipais derivadas da comprobación da primeira ocupación das edificacións e instalacións; así mesmo é proporcional e necesaria xa que non se incrementan as obrigas ós cidadáns e si a idoneidade para continuar cun réxime xurídico de aplicación consecuente coa boa fé e confianza lexítima das expectativas creadas; e por último o procedemento é transparente e acorde coa normativa de aplicación buscando a eficacia nos obxetivos plantexados en relación coa previsión de recursos tributario.

Consta no expediente informe do secretario xeral do concello, de data 20 de xaneiro de 2023, en sentido favorable á modificación.

Visto canto antecede, propónse ao Pleno da corporación previo ditame da comisión especial de facenda a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza Fiscal núm. 25, co seguinte teor literal:

- No título da ordenanza dar unha nova redacción: *Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa por licenzas urbanísticas e comunicacións previas esixidas polos artigos 142 e ss. da Lei 2/2016 de 10 de febreiro do Solo de Galicia e concordantes do seu regulamento.*

- Artigo 1ª suprimir a redacción a partir de “esixidas” e engadir *polos artigos 142 e ss. da Lei 2/2016 de 10 de febreiro do Solo de Galicia e concordantes do seu regulamento.*

- Artigo 2º.1: engadir *Inclúese así mesmo as comunicacións previas previstas na normativa urbanística de aplicación.*



- Artigo 2º.2.: dar nova redacción: *A obriga de contribuír nace coa petición da licenza ou presentación da comunicación previa ou dende a data en que debeu solicitarse ou aportarse a segunda no caso de ser preceptiva.*
- Artigo 2º.3.a): engadir ao final, *ou comunicación previa.*
- Artigo 3.1: suprimir “a licenza” por *suxeitos a títulos habilitantes urbanísticos.*
- Artigo 5º: engadir, *no caso das comunicacións previas urbanísticas, practicarase a liquidación provisional nos termos dispostos anteriormente para as licenzas.*
- Artigo 7º: engadir, *xunto coa comunicación previa correspondente, aportarse a documentación prevista no artigo 146 da LSG.*
- Engadir unha Disposición Transitoria: *Sen perxuízo da entrada en vigor desta modificación unha vez publicada no BOP da Coruña, tramitarase a taxa da primeira ocupación de edificacións e instalación solicitadas desde o 1 de xaneiro de 2023 con independencia da súa forma de presentación, mediante comunicación previa ou licenza de primeira ocupación.*
- Engadir unha Disposición Final: *No prazo dun ano e a expensas das posibles modificacións ou aclaracións que puideran xurdir respecto ó novo réxime xurídico de aplicación ás licenzas de primeira ocupación, deberá adecuarse a normativa urbanística administrativa do Concello de Vimianzo á Lei 2/2016 de 10 de febreiro do solo de Galicia.*
- Disposición Derradeira: Suprimir o último punto e seguido.

SEGUNDO.- Publicar este acordo no BOP da Coruña e no taboleiro de anuncios deste concello así como no seu portal de transparencia ao obxecto de que durante o prazo de 30 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación no citado boletín oficial, os cidadáns poidan presentar reclamacións e suxerenicas que consideren oportunas.

TERCEIRO.- Dar conta ó Pleno das reclamacións que se formulen para resolvelas. No caso de que non se presenten reclamacións, entenderase elevado automaticamente a definitivo o acordo da aprobación inicial.

CUARTO.- O acordo de aprobación definitiva ou no seu caso, o provisional elevado automaticamente a aquela categoría, xunto co novo texto da ordenanza, se publique no BOP da Coruña e no portal de transparencia deste concello.

O que asino en Vimianzo,
A alcaldesa,
Mónica Rodríguez Ordóñez
(documento asinado electrónicamente)”



Sometido o asunto a votación, a Comisión informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, por dous votos a favor do PSdeG-PSOE, tres abstencións (2 AV e 1 PP) e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente a proposta de acordo.”

A Alcadesa-Presidenta explica o contido da modificación.

Pásase a votación do asunto obténdose a aprobación por seis votos a favor (6 PSdeG-PSOE), tres abstencións (2 AV e 1 PP) e ningún voto en contra.

5º. Proposta non ditaminada do grupo de goberno (PSdeG-PSOE) para a suspensión e revisión do procedemento simplificado de valoración catastral no Concello de Vimianzo.

En primeiro lugar por indicacións do Secretario, vótase a inclusión da proposta para o seu debate e votación por unanimidade dos presentes a favor.

O secretario da Corporación dá conta da proposta non ditaminada do grupo de goberno (PSdeG-PSOE) referente á suspensión e revisión do procedemento simplificado de valoración catastral no Concello de Vimianzo que se reproduce a continuación:

“PROPOSTA

Asunto: suspensión e revisión do procedemento simplificado de valoración catastral no Concello de Vimianzo.

Dende a Xerencia Territorial do Castastro, iniciouse de oficio un procedemento simplificado de valoración colectiva, do cal no concello de Vimianzo non se tivo constancia previa do seu inicio, nin se lle dou traslado para que se poidesen realizar as alegacións ou trámites oportunos.

En resposta ás consultas realizadas por parte do Concello respecto da razón que levou a instar DE OFICIO, este procedemento pola Xerencia Territorial do Catastro, no seu escrito de 18/2/2022 indican que o procedemento se instou por parte deles sen petición do concello e que o obxecto da mesma consiste na calificación e valoración a efectos catastrais dos solos que adquiriran a consideración de natureza urbana de acordo co planeamento urbanístico de Vimianzo en vigor (NNSS 1994) segundo o establecido no art. 30.2 e) do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario (RD.Lexislativo 1/2004, de 5 marzo), que sinala:

“(..)Artículo 30. Procedimiento simplificado de valoración colectiva.

1. El procedimiento simplificado se iniciará mediante acuerdo que se publicará por edicto en la sede electrónica de la Dirección General del Catastro y no requerirá la elaboración de una nueva ponencia de valores.

2. Este procedimiento se regirá por las siguientes reglas:

e) Cuando, con motivo de la modificación o aprobación del planeamiento, los suelos adquieran la consideración de suelo de naturaleza urbana de conformidad con lo dispuesto en la letra a) del apartado 2 del artículo 7, podrán ser valorados tomando como valor de suelo el mínimo de los previstos en la ponencia vigente para el uso de que se trate, sin perjuicio de la consideración, en



su caso, de la urbanización pendiente de realizar. Dicha valoración deberá respetar en todo caso los criterios de coordinación de valores del municipio. (...)".

A día de hoxe a ponencia de valores vixente e empregada é a correspondente ao ano 1993.

Neste procedemento simplificado de valoración colectiva iniciado pola Xerencia Territorial do Catastro, o que fixeron foi actualizar a calificación do tipo de solo partindo das normas subsidiarias do ano 1994 pero, nin dende a xerencia, nin dende a empresa encargada do procedemento, se contactou cos servizos urbanísticos municipais para partir dunha base axustada á realidade da delimitación do solo municipal vimiancés; polo que isto evitaría os múltiples erros que se detectaron nas comunicacións que recibiron os nosos veciños/as.

Debido a esta situación, os servizos técnicos municipais estiveron desbordados pola afluencia de veciños/as para facer consultas, reclamacións, etc, en relación ao dito expediente, debido aos masivos erros que se atoparon nas comunicacións enviadas pola Xerencia Territorial do Catastro; tendo que contratarse por este concello, en febreiro de 2022, unha empresa externa que prestase un servizo de información e asesoramento á veciñanza.

Tamén, cómpre poñer de manifesto, que a tramitación deste expediente por parte da xerencia levouse a cabo durante dous anos e só se lle permitiu a miles de veciños/as un ínfimo prazo de alegacións; coa dificultade engadida a esta situación, dos escasos medios materiais, dixitais, etc dos que pode dispoñer neste breve período temporal a veciñanza dun municipio rural e envellecido. Tendo en conta, ademáis da preocupación e o prexuízo dos gastos que se poidan derivar inxustamente para a veciñanza, derivados dos múltiples erros que se están a detectar en cada expediente, e dos que poderíamos mencionar moitas das "redelimitacións" de núcleos mal delimitados en ese volcado que non se fixo coa precisión necesaria, nos cales é claro e evidente que a delimitación de Catastro non coincide coa delimitación das nosas normas subsidiarias, aprobadas no ano 1994 (procedemento que a Xerencia puido iniciar dende esa data e non acordaron iniciar ata o ano 2020).

Por outro lado, se ben é indudable que o procedemento simplificado de valoración colectiva catastral e o carácter urbano dos terreos que así os considera dita normativa, ten reflexo no dereito positivo, non é baladí a afirmación constitucional relativa a que a administración está supeditada a lei e ó dereito.

Isto non é unha mera tautoloxía, senón que promove valorar a actuación administrativa en base a principios xerais de dereito, contexto histórico, boa fé, confianza lexítima e en fin, a proporcionalidade, necesidade e idoneidade da actuación e do momento da mesma.

Dito esto, antoxase non só totalmente inoportuno e insensible o procedemento de revisión catastral que se pretende, senón tamén discutiblemente correcto á vista da documentación obrante no expediente, e contraria a precedentes deste tipo de intervencións administrativas que deberían partir da instancia de parte do municipio afectado que o fin e o cabo e quen recibe o importe das cuotas tributarias devengadas e aboadas.



Como dicía Montesquieu, un feito non é xusto polo feito de ser lei, senón que por ser xusto debe ser lei.

Esta afirmación nos leva a valorar a discrepancia sustancial que existe entre a valoración como chan urbano a efectos catastrais coas consecuencias fiscais que iso conleva, fronte a consideración de chan urbano a efectos urbanísticos, o que na maioría dos casos afectados neste expediente supón a imposibilidade de materializar o aproveitamento edificatorio de moitas fincas por carecer das condicións urbanísticas para elo, ou estar condicionadas por afeccións de todo tipo, pero que paradóxicamente a efectos catastrais teñen a condición de urbanas o que supón un réxime de catalogación de catastro que non se axusta a catalogación das nosas normas.

É máis, estaríamos ante unha grosera vulneración do principio de igualdade, pois se está a valorar de xeito similar situacións que de feito, na realidade, son sustancialmente antagónicas, polo que desde este concello, e sabendo que a administración local carece de competencias nesta materia, pero sí que a relación entre as administracións debe basarse en principios de lealdade institucional, e co fin de adecuar as normas á realidade e non viceversa, propónse unha reflexión co fin de evitar este tipo de situacións equiparando e modificando a lei, como así se fixo en múltiples ocasións para prevenir actuacións confiscatorias.

Polos motivos expostos o Pleno do concello en data 25 de febreiro de 2022, a instancia dunha moción presentada polo PsdeG-PSOE, acordou solicitar á xerencia territorial do catastro a suspensión da tramitación do expediente ou ampliación dos prazos outorgados para as alegacións e poñer a disposición da veciñanza un equipo de persoal técnico especializado para ofrecer apoio e asesoramento de expedientes de valoración colectiva, do que derivaron centos de reclamacións, que a día de hoxe aínda están pendentes de resolución.

A este respecto, dende a Xerencia do Catastro comunicaron en marzo de 2022 que non procederían a suspensión do mesmo, pero que se comprometían a atender todas as alegacións sen limitación de prazo e adicarían persoal necesario co obxecto de concluír o procedemento nos tres meses seguintes. No obstante, consta que a día de hoxe todavía existen recursos que non foron comunicados.

A pesar de todos os medios materiais e persoais dispostos polo concello así como as accións levadas a cabo para que se paralizase o expediente de valoración, dende a Xerencia Territorial de Catastro proseguíuse co expediente e coa emisión das liquidacións derivadas da mesma, respondendo en moitos casos a erros que, a pesar de ser reclamados, non están resoltos na actualidade.

Por outro lado, nalgúns recibos correspondentes a inmobles onde se desenvolven actividades agrarias, gandeiras pertencentes ao sector primario e que foron declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento de emprego, estanse realizando liquidacións nas que o tipo impositivo aplicado é do 0,5 %, cando en aplicación da Ordenanza fiscal municipal núm. 8, reguladora do Imposto de Bens Inmobles, teñen concedido por acordos de diversos órganos municipais, unha bonificación do 95% da cota íntegra.



Esta situación está xerando entre a veciñanza afectada unha situación de inseguridade xurídica con resultados gravosos e desfavorables que lesionan os seus intereses ao non terse en conta unha normativa fiscal e actos administrativos con plena eficacia executiva.

Polo que tendo en conta o esencial carácter colaborativo e coordinativo deste procedemento así como conforme aos principios de lealdade institucional e demais contemplados nos artigos 10 e 55 e ss. da LBRL e título III da Lei 40/2015, de 1 de outubro e á vista do exposto, o grupo de goberno (PsdeG-PSOE) propón ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.-Solicitar á xerencia territorial do catastro a suspensión da tramitación do expediente e que procedan a unha revisión inmediata do mesmo debido aos desaxustes existentes na calificación dos terreos.

Segundo.-Solicitar á Deputación provincial da Coruña que suspenda o cobro dos recibos derivados do referido procedemento simplificado de valoración colectiva, mentras non se resolvan os recursos presentados pola veciñanza ou cumpra coa súa obriga de resolvelos no prazo legalmente estipulado co fin de evitar prexuízos antixurídicos.

Terceiro.-Solicitar á Deputación provincial da Coruña que se revisen aquelas liquidacións que non teñen en conta a ordenza fiscal municipal núm.8.

Cuarto.- Dar traslado deste acordo ós organismos implicados e publicalo no taboleiro da corporación.

O que asino en Vimianzo
A voceira,
Mónica Rodríguez Ordóñez”

A Alcaldesa-Presidenta procede á lectura da proposta que versa sobre o procedemento simplificado de valoración colectiva que está a levar cabo a dirección xeral do catastro a través da Deputación así como a non aplicación das bonificacións do IBI por parte do órgano delegado provincial.

Dna. María Jesús dí que van a apoiar a proposta porque é en favor dos veciños pero que entende que chega tarde, xa que no ano 2019 notificouse ó concello para que se pronunciase sobre a posible actualizacións dos coeficientes catastrais sen resposta por parte desta administración.

Amáis propón baixar o tipo do IBI con fin de paliar as consecuencias negativas considerando a proposta improvisada e apresurada.

A Alcaldesa-Presidenta agradece a exposición e pasa a explicar de forma pormenorizada o iter temporal dos feitos producidos, aclarando que o procedemento que se plantexou pola dirección xeral do catastro no ano 2019, nada ten que ver co actual de procedemento simplificado de valoración colectiva que se ubica no artigo 30 do TRLCI mentres que aquel ubícase no artigo 32 desta norma.



Resalta a falta de colaboración do catastro que non remitiu documentación algunha ó concello e que en menos dunha semana en febreiro de 2022, activouse por esta administración un contrato menor de asesoramento ós afectados e un pleno, sen ter documentación nin información por parte da administración estatal e co fin de axudar os veciños.

Traslada que están abertos a calqueira proposta de carácter constructivo pero non a terxiversacións e manipulacións da información. Ademáis, os datos volcados polo catastro en moitos casos non se corresponden coa realidade, e respecto a redución do tipo do IBI, recorda que foron eles cando gobernaban, a oposición, os que o subiron ó actual 0,5 o 2 de abril de 2016, polo que solicita que a información se trate con rigurosidade reiterando a disposición dela e os seus compañeiros.

Dna. María Jesús reitera que non hai mala fé pola súa parte, que non son xuristas e que as circunstancias do ano 2016 non son as de agora en relación coa subida do tipo do IBI.

A Alcaldesa-Presidenta contesta que na prensa hai documentación confusa que non se axusta á realidade, que os procedementos os incoa o catastro e non se pode facer máis que apelar pero extraxudicialmente e legalmente, e respecto ó tipo impositivo nunca o baixou A.V, e aínda que agora se baixase non tería efectos ata o seguinte exercizo pois o imposto xa está devengado.

Pásase a votación do asunto obténdose a aprobación por UNANIMIDADE dos membros da Corporación presentes.

B) Sección de control

6º. Dación de conta do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión do 29 de decembro de 2022, en relación á proposta de bonificación dunha porcentaxe do IBI e declaración de interese xeral de inmobles onde se desenvolvan actividades agrarias e gandeiras conforme ao establecido no artigo 5 da OF núm. 8 reguladora do imposto de bens inmobles - ano 2022

O secretaría dá conta do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, na sesión do 29 de decembro de 2022, referente á proposta de bonificación dunha porcentaxe do IBI e declaración de interese xeral de inmobles onde se desenvolven actividades agrarias e ganderías conforme ao establecido no artigo 5 da OF núm. 8 reguladora do imposto de bens inmobles – ano 2022, que dí o seguinte:

“1º.- Proposta de bonificación dunha porcentaxe do IBI e declaración de interese xeral de inmobles onde se desenvolven actividades agrarias e gandeiras conforme ao establecido no artigo 5 da OF núm. 8 reguladora do imposto de bens inmobles – ano 2022.

Dáse conta da proposta da Alcaldía de data 28 de decembro de 2022, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ACORDO:

ASUNTO: PROPOSTA DE BONIFICACIÓN DUNHA PORCENTAXE DO IBI E DECLARACIÓN DE INTERESE XERAL DE INMOBLES ONDE SE DESENVOLVEN ACTIVIDADES AGRARIAS E GANDEIRAS CONFORME AO ESTABLECIDO ARTIGO 5 NA ORDENANZA FISCAL NÚM. 8 REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES-ANO 2022.



Expte.: 2022/X998/000108

Vistas as solicitudes de bonificación do porcentaxe da cota íntegra do IBI dos inmobles onde se desenvolven actividades agrarias e gandeiras ou relacionadas e complementarias das mesmas presentadas polas persoas que exercen a dita actividade.

Visto o informe emitido polo axente de desenvolvemento rural deste Concello, Evaristo Suárez Corzón, de data de 27 de decembro do 2022

Tendo en conta o establecido no artigo 5 da Ordenanza Fiscal nº 8, reguladora do imposto sobre bens inmobles, que di o seguinte: "(...) Gozarán dunha bonificación do 95 por cento da cota íntegra do imposto, aqueles inmobles nos que estean ubicadas unicamente construcións nas que se desenvolvan total e exclusivamente actividades agrarias, gandeiras ou forestais pertencentes ao sector primario, que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración.

No suposto que nun mesmo inmovible existan, ademais das construcións indicadas no parágrafo anterior, outras construcións destinadas a un uso relacionado e complementario das actividades agrarias, gandeiras ou forestais, aplicaráselle unha bonificación do 75 por cento da cota íntegra do imposto. Se nese mesmo inmovible se desenvolve unha actividade económica distinta á agraria, gandeira ou forestal non se poderá conceder bonificación algunha. (...) Gozarán dunha bonificación do 95 por cento da cota íntegra do imposto, aqueles inmobles nos que estean ubicadas unicamente construcións nas que se desenvolvan total e exclusivamente actividades agrarias, gandeiras ou forestais pertencentes ao sector primario, que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración.

No suposto que nun mesmo inmovible existan, ademais das construcións indicadas no parágrafo anterior, outras construcións destinadas a un uso relacionado e complementario das actividades agrarias, gandeiras ou forestais, aplicaráselle unha bonificación do 75 por cento da cota íntegra do imposto. Se nese mesmo inmovible se desenvolve unha actividade económica distinta á agraria, gandeira ou forestal non se poderá conceder bonificación algunha. (...) A bonificación terá carácter rogado, debendo ser presentada polo suxeito pasivo, e surtirá efectos a partir do período impositivo seguinte ao de presentación de solicitude.(...)". *A bonificación será aprobada, no seu caso, pola Xunta de Goberno Local (por delegación do Pleno) previo informe técnico.*

Considerando o disposto en canto á delegación de competencias nos artigos 23.2 b) da LBRL e 53.2 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro; e o dito artigo 5 da Ordenanza Fiscal nº 8.

Considerando a atribución concedida á Alcaldesa no artigo artigo 74 do T.R.L.H. (Texto refundido de lei reguladora de facendas locais), R.D. 2/2004 de 5 de marzo.

Proponse a Xunta de Goberno Local o seguinte Acordo:

PRIMEIRO.- Declarar un especial interese municipal aos inmobles coas referencias catastrais que se indican, onde se veñen desenvolvendo actividades agrarias e gandeiras, por existir circunstancias sociais que xustifican tal declaración.

PROPIETARIOS CATASTRAIS	REFERENCIA CATASTRAL
Manuel Ameixeiras Lavandeira	15093A503003400001QA
José Ameijeiras Ordoñez	15093A503050480000ME
José Ameijeiras Ordoñez	15093A503050450000MX
Francisco Manuel Oreiro Arjomil	15093A042000530001WA
Herdeiros de Carmen García Caamaño	15093B507004460001KF
Titor legal de Hermosinda Rodríguez Antelo	15093A057001410000QZ
María Belén Martínez Bouzon e Daniel Pérez Martínez	15093A059001920000QU
Hermostinda López Amado	15093B504003190000JO

Praza do Concello, nº 6
15129 – Vimianzo (A Coruña)

Tel. 981716001
Fax 981716650

correo@vimianzo.gal
www.vimianzo.gal

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo conCódigo de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

María José Rodríguez Arias	15093B507004520001KK,
Isabel Pereiro Rodríguez	15093A057001440000QW
Ramiro Busto Busto e María Alcira Corzón Lavandeira	15093A503002150001QQ
Digna López Busto	15093B504002750000JW
Celestino Pose Miñones e María Encarnación Velasco Zúñiga	15093A063002760000QT
Herdeiros de Carmen Busto Pereiro	15094A503002160000MO
Dolores Rial Suarez	15093C505050320000AI
Esperanza Mourelle Calo e Faustino Rial Suarez	15093C505003340001SF

SEGUNDO.- Outorgar unha bonificación do 95 % da cota íntegra do IBI para os seguintes inmobles por desenvolver neles total e exclusivamente actividades agrarias, gandeiras ou forestais pertencentes ao sector primario nos que se desenvolven actividades agrarias e gandeiras:

REFERENCIA CATASTRAL
15093A503003400001QA
15093A042000530001WA
15093B507004460001KF
15093A057001410000QZ
15093A059001920000QU
15093B507004520001KK
15093A503002150001QQ
REFERENCIA CATASTRAL
15093B504002750000JW
15094A503002160000MO
15093A063002760000QT
15094A503002160000MO

TERCEIRO.- Outorgar unha bonificación do 75 % da cota íntegra do IBI para os seguintes inmobles por desenvolver neles actividades agrarias, gandeiras ou forestais pertencentes ao sector primario e outras relacionado e complementarias as mesmas:



REFERENCIA CATASTRAL
15093A503050480000ME
15093A503050450000MX
15093B504003190000JO
15093A057001440000QW
15093C505050320000AI
15093C505003340001SF

CUARTO.- Notificar este acordo aos solicitantes e dar traslado á Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e para os efectos oportunos.

O que asino en Vimianzo,

A alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordóñez"

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos engadido o seguinte punto:

"QUINTO.- Dar conta expresa deste acordo na vindeira sesión plenaria ordinaria que se celebre."

O Pleno do Concello douse por enterado.

7º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

O Secretario da conta dos números de Resolución da Alcaldía adoptadas desde o día 22-12-2022 con número 1636/2022 ata o día 25-01-2023 con número 113/2023.

O Pleno do Concello douse por enterado.

8º. Mocións de urxencia.

Non se presentan.

9º. Rogos e preguntas.

Dna. María Jesús roga que se publiquen no Portal de Transparencia as actas das sesións plenarias.

Tamén pregunta como está a alegación ó Parque Eólico dos Penedos e o expediente de escolas deportivas culturais.



A Alcaldesa-Presidenta contesta que se publicará de inmediato no Portal de Transparencia e que as alegacións presentáronse en prazo coas prescripcóns técnicas pertinentes e se segue a preparar o contido do expediente complexo das escolas deportivas.

Non tendo máis asuntos que tratar, sendo as 20:55 horas a Alcaldesa-Presidenta levanta a sesión, e eu como Secretario do Pleno redacto este borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo.

A alcaldesa
Mónica Ródriguez Ordóñez

O Secretario Xeral
Francisco Javier Novoa Juiz